

## Conclusións xerais do I Encontro de política lingüística desde as administracións locais da Coruña


Encontro que tivo lugar o 28 de novembro de 2007 no Pazo de Mariñán (Bergondo), organizado pola Deputación da Coruña desde a Unidade Técnica de Normalización Lingüística coa colaboración e xestión da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

No encontro participaron arredor de 75 persoas, entre alcaldes e alcaldesas, concelleiros/as e técnicos/as de normalización lingüística de 40 concellos da Coruña, ademais de representantes doutras entidades relacionadas coa normalización lingüística.

### Conclusións

1. Os concellos teñen a obriga e responsabilidade de promover o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais, polo que, ademais da súa galeguización e de garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía, tamén deben implementar políticas lingüísticas transversais activas, dinámicas e integradoras para así implicar no proceso normalizador ás distintas entidades, sectores e colectivos sociais. Para isto considéranse fundamentais a creación e impulso de servizos de normalización lingüística (SNL) e a aprobación de regulamentos ou ordenanzas municipais de usos lingüísticos e impulso á normalización.
2. O obxectivo do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais debe ser asumido por todas as organizacións políticas en todos os concellos, polo que cómpre que estes obxectivos e todas as medidas que se tomen nos concellos para





procurar incrementar o uso e prestixio da lingua galega non sexan motivo de confrontación política nin partidaria.

3. É necesario un incremento significativo dos recursos que os concellos lle dedican á política lingüística. Ao mesmo tempo tamén é necesario un incremento significativo das axudas económicas para a normalización lingüística nas administracións locais que a Xunta de Galicia convoca anualmente, así como uns criterios de concesión que fomenten a estabilidade laboral, a profesionalización, a estabilidade e continuidade dos SNL, a coordinación e a concepción destes servizos como organismos con capacidade de intervención social para a dinamización e a procura do incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais.
4. Cómpren medidas urxentes e eficaces para a coordinación da política lingüística desde as administracións locais, polo que é preciso que o anunciado Consorcio de Planificación Lingüística se constituía de inmediato cos recursos materiais e humanos necesarios, e que del formen parte todas as administracións locais que libremente queiran adherirse. Este ten que ser o organismo fundamental de implementación da política lingüística no noso país, debe asumir e coordinar os SNL e debe ter capacidade de intervención social en todos os ámbitos.
5. Considérase que as xuntanzas como este I Encontro de política lingüística desde as administracións locais da Coruña son útiles e necesarias para avanzar no impulso, na coordinación e na planificación da normalización lingüística, para pór en contacto responsábeis políticos/as e técnicos/as para compartir experiencias, analizar propostas e deseñar conxuntamente liñas de acción e colaboración. Polo tanto, considérase que a Deputación da Coruña e a CTNL deben darlle continuidade en vindeiros anos e con novas propostas e accións. Ao mesmo tempo tamén se insta á Xunta de Galicia a impulsar encontros deste tipo a nivel galego.

[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org) / [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)

